

4. A Lúa e OS SEUS MOVEMENTOS.

A Lúa, o único satélite da Terra, xira arredor do noso planeta e acompañaas arredor do Sol.

É unha esfa de rocha bastante mái pequena que a Terra, non ten auga, aire nin seres vivos.

AS FASES DA LÚA.

A Lúa non produce luz. Vémola brillante no ceo porque reflicte a luz que recibe do Sol.

O Sol non ilumina toda a Lúa, só unha parte: a **METADE** dela, e desde a Terra só vemos esa parte **ILUMINADA**.

Debido aos movementos da Terra e da Lúa, cada día vemos a Lúa cunha parte maior ou menor dela iluminada polo Sol, o que lle da distintos aspectos que chamamos **FASES LUNARES**.

As **FASES LUNARES** son as diferentes formas coas que vemos a parte iluminada da Lúa desde a Terra.


As fases lunares ocorren nesta orde:

1. Cuarto crecente
2. Lúa chea.
3. Cuarto minguante.
4. Lúa nova.

Que curioso!

A Lúa non ten luz propia como o Sol, vese iluminada porque a luz do sol reflectese nela.

Ademáis dende a Terra **SEMPRE** vemos a mesma cara da Lúa, a outra cara non se ve dende a Terra.





Sabías que...


Sempre vemos a mesma cara da Lúa e que tarda 27 días e un pouquiño máis (27,32 días) en dar unha volta sobre si mesma.



1. **Pensa e responde.**

- ☐ A Lúa é o noso
- ☐ A Lúa ten luz propia?
- ☐ 3. Cales son as fases lunares?
- ☐ 4. Cantos días tarda a lúa en dar unha volta sobre si mesma?
- ☐ 5. Podemos ver as dúas caras da Lúa?


2. **Mira este vídeo:**



Fases da Lúa con galletas OREO.



3. *Observa* todas as fases da lúa e despois fainas ti! Bon proveito!



4. *Mira* este vídeo.

